



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 21 DE XANEIRO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Vilarmaior (A Coruña).

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada LU-241 na súa totalidade a prol do Concello de Guitiriz.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das vías provinciais LU-P-2902 Lugo-Ponte do Ombreiro (LU-234) e da LU-P-2924 accesos á estrada do Ombreiro, nas Saamasas, a prol do Concello de Lugo.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, anticipada de gasto e documentalmente simplificada do servizo de desenvolvemento de ferramentas para a tramitación electrónica integral da Xunta de Galicia, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un orzamento de licitación, IVE ao 21% incluído, de dous millóns setenta e catro mil cincocentos corenta e cinco euros (2.074.545 €) e un valor estimado de catro millóns cento catorce mil oitocentos euros (4.114.800 €).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante un acordo marco cun único empresario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento para alumnado no marco do proxecto Abalar-Edixgal-ordenadores ultrapotátiles (expediente: AMT-2021-0027), por un valor estimado de vinte millóns douscentos cincuenta mil euros (20.250.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante un acordo marco cun único empresario en cada lote, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento para centros educativos no marco do proxecto Abalar-Edixgal (expediente: AMT-2021-0028), por un valor estimado de sete millóns oitocentos sesenta mil euros (7.860.000 €).

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se dispón a remisión ao Parlamento de Galicia do informe de seguimento sobre o progreso no cumprimento dos obxectivos e metas fixados na Axenda 2030.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a superación do límite do 80% nos pagamentos parciais, de conformidade co artigo 62.2 do citado regulamento na Orde conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e pola que se procede á súa convocatoria para o exercicio 2021 por importe de vinte e tres millóns oitocentos setenta e nove mil seiscentos dezaseis euros (23.879.616 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías na resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva,



## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 2021, e procédese á súa convocatoria para o ano 2021.

### **INFORMES**

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Informe sobre as subvencións O Teu Xacobeo.

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre os apoios do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para impulsar a internacionalización das empresas galegas.

#### **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre o II Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e sector da hostalaría.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do expediente de contratación de adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa do covid-19 na Área Sanitaria de Vigo, material para diagnóstico (probos PCR, probos rápidas de detección, medios de toma de mostras e transporte de mostras virais, reactivos auxiliares e material de microbioloxía e bioquímica), para tratamento da enfermidade (equipamentos, tubuladuras e máscaras para equipos respiratorios), así como elementos de protección individual (batas, máscaras, luvas), por importe de cinco millóns catrocentos dezaotoito mil setecentos trinta e cinco euros con sesenta e nove céntimos (5.418.735,69), IVE incluído.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da sexta adquisición de bens, contratación de servizos e pequenas obras para facer fronte á pandemia do covid-19, por importe de novecentos quince mil catrocentos trece euros con noventa e tres céntimos (915.413,93 €), na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia do covid-19, por importe de oitocentos vinte e seis mil vinte e dous euros con sesenta e un céntimos (826.022,61 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da subministración de material sanitario e outros consumibles para a realización de programas de cribado e diagnóstico do covid-19, por importe de novecentos oitenta e tres mil catrocentos dous euros con vinte e catro céntimos, IVE incluído (983.402,24 €).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as liñas básicas do Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2021 e sobre o cumprimento dos obxectivos previstos no ano 2020.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde de axudas para a creación de superficies forestais 2021-2022.

### CONSELLERÍA DO MAR


- Informe sobre o anteproxecto do Regulamento de explotación e policía portuaria dos peiraos de titularidade autonómica.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A BANDEIRA DO CONCELLO DE VILARMAIOR

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto que aproba a bandeira do concello coruñés de Vilarmaior.

Segundo vén definido no decreto, a bandeira está conformada por un pano verde e unha banda amarela, cargada con tres crucetas vermellas e patadas, e acompañada de seis aneis amarelos, dispostos tres a cada lado.

### Bandeira de Vilarmaior



## A XUNTA UNIFICA NUN SÓ ORGANISMO OS SEUS SERVIZOS TECNOLÓXICOS COA INTEGRACIÓN DO CIXTEC NA AMTEGA

- *Modifícase tamén a estrutura da Axencia para executar importantes proxectos de transformación dixital e coordinar a nova Estratexia dixital de Galicia 2030*
- *Esta integración enmárcase na política de simplificación administrativa posta en marcha polo Goberno galego para optimizar os recursos públicos*

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe o inicio do proceso para unificar nun único organismo todos os seus servizos tecnolóxicos, coa supresión do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e a súa integración na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Así mesmo, modifícanse os estatutos da Amtega coa finalidade de integrar as funcións que viña desempeñando o CIXTEC e de adaptar a súa estrutura aos novos retos da transformación dixital.

A integración do CIXTEC na Amtega enmárcase na política de simplificación administrativa posta en marcha polo Goberno galego e responde á necesidade de constituír unha entidade única de xestión das tecnoloxías da información e comunicación de carácter público para optimizar a eficiencia na prestación dos servizos públicos, a eficacia na xestión e lograr a máxima coordinación das distintas unidades administrativas.

Así, con este proceso avánzase na consolidación das capacidades dixitais da Administración autonómica, co obxectivo de ganar en eficiencia e de reforzar a estrutura do organismo que terá ao seu cargo a execución de importantes proxectos de transformación dixital na Comunidade, así como a coordinación da nova Estratexia dixital de Galicia 2030 (EDG2030).

### **Nova estrutura da Amtega**

A estrutura da Amtega contará con dúas novas direccións de área. Por un lado, a Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica, que integrará o desenvolvemento e soporte das diferentes plataformas e sistemas de información que dan servizo á Facenda pública, así como á Axencia Tributaria de Galicia; polo outro, a Área de Planificación e Estratexia coordinará e avaliará a execución progresiva da nova Estratexia dixital galega, reforzando os mecanismos de cogobernanza co ecosistema dixital e a identificación das oportunidades de innovación tecnolóxica na Comunidade.

Ademais, a Área de Infraestruturas e Telecomunicacións pasa a chamarse Área de Infraestruturas e Seguridade e créase unha subárea que terá como misión reforzar os mecanismos de ciberseguridade e garantir os dereitos de uso seguro dos datos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A Área de Modernización das Administracións Públicas será a Área de Administración Dixital e terá como obxectivo prioritario avanzar no proceso de dixitalización e automatización da Administración coa incorporación de tecnoloxías avanzadas.

Por último, a Área de Sociedade Dixital reforza as súas capacidades coa creación do Departamento de Conectividade e Inclusión Dixital e coa incorporación de obxectivos estratéxicos para promover o talento dixital en Galicia, así como a incorporación de tecnoloxías disruptivas como a intelixencia artificial.





**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA DA ESTRADA LU-241, QUE COINCIDE NA SÚA TOTALIDADE COA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, A PROL DO CONCELLO DE GUITIRIZ**

- *A vía autonómica, de 210 metros de lonxitude, parte da N-VI e remata na súa intersección coas rúas do Ferrocarril e Xermolos*
- *Con esta transferencia, o Concello asume a xestión e a conservación da vía*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se autoriza a transferencia da totalidade da estrada autonómica LU-241, que coincide integramente coa rúa Rosalía de Castro, a prol do Concello de Guitiriz.

Esta estrada, de 210 metros de lonxitude, parte da N-VI e remata na súa intersección coas rúas do Ferrocarril e Xermolos, e discorre na súa totalidade polo solo urbano do municipio lucense.

O Concello manifestou ao departamento de Infraestruturas da Xunta o seu interese por este cambio de titularidade, do cal emitiron informe favorable os servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas.

A transferencia deste viario autonómico a prol do concello lucense tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobada mediante decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Guitiriz terá a competencia para actuar nesta vía de marcadas características urbanas e cun tráfico rodado de ámbito local, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia seguirá investindo na rede autonómica de estradas ao seu paso polo municipio de Guitiriz. Son as vías de titularidade autonómica as que vertebran a mobilidade deste municipio e que permiten a súa conexión co exterior.

O cambio de titularidade da estrada LU-241 será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

A entrega formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no DOG.



**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS QUE VAN CARA Á PONTE DO OMBREIRO E AS SAAMASAS A PROL DO CONCELLO DE LUGO**

- *O Concello de Lugo solicitou a cesión destes dous treitos coa fin de utilizalos como vías de características urbanas*
- *Na estrada LU-P-2902 transfírese ao Concello un treito de 1.034 metros que comenza en solo urbano de Lugo e remata ao pasar a ponte da N-540*
- *A estrada LU-P-2924 cédesese na súa totalidade, é dicir, 1.048 metros conformados por un itinerario principal que remata na rúa dos Deportes e un ramal*
- *A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Lugo todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta aproba o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lugo das estradas provinciais LU-P-2902, que comunica o municipio coa Ponte do Ombreiro, e da LU-P-2924, coas Saamasas.

O Concello de Lugo solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión destas dúas vías coa fin de utilizalas como estradas de características urbanas.

A Axencia Galega de Infraestruturas ratifica que a estrada LU-P-2902 conta cunha lonxitude total de 8.570 metros e o treito que se transfírese é de 1.034 metros, comeza en solo urbano de Lugo e remata ao pasar a ponte da N-540.

No que se refire á outra estrada provincial, a LU-P-2924, transfírese na súa totalidade e dispón de 1.048 metros, é dicir, un itinerario principal de 628 metros que remata na rúa dos Deportes e un ramal de 420 metros.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Lugo todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.



## A XUNTA AVANZA NA CONSOLIDACIÓN DA ADMINISTRACIÓN DIXITAL COA EVOLUCIÓN DAS PRINCIPAIS PLATAFORMAS DE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe un contrato que permitirá a incorporación de novos procedementos, a integración con outros ámbitos ou a mellora da utilizabilidade de ferramentas esenciais para un funcionamento integramente dixital*
- *Só no 2020 estas plataformas e sistemas posibilitaron a sinatura en liña de máis de 5 millóns de documentos, o envío de 890.000 notificacións electrónicas ou a integración de máis de 16 millóns de documentos no Arquivo Electrónico*
- *A xestión en liña consolídase como unha opción maioritaria no 2020, máis do 78% das xestións rexistradas pola Administración autonómica presentáronse en liña*

Impulsar a transformación dixital e a automatización dos servizos públicos son obxectivos da Estratexia Galicia dixital 2030 e, nesta liña, enmárcase o contrato autorizado hoxe polo Consello do Goberno galego para evolucionar as principais plataformas que permiten a tramitación electrónica na Administración autonómica e que cuxa utilización exige a normativa en materia de administración electrónica (Lei 39/2019 e Lei 4/2019, de administración dixital de Galicia).

O contrato, que licitará a Amtega nos vindeiros días, conta cun orzamento de máis de 2 millóns de euros en dous anos (4,1 millóns de euros, se se considera a prórroga por outros dous anos), cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para evolucionar a implantación de plataformas e sistemas chave da Administración dixital, estender a súa implantación a novos procedementos e servizos, integralas con novos ámbitos e garantir a súa dispoñibilidade.

O alcance do contrato esténdese ás plataformas corporativas de sinatura electrónica tanto da Administración xeral como de xustiza; ao sistema de notificacións electrónicas de Galicia; ao Arquivo Administrativo Electrónico Único da Xunta e á plataforma corporativa de tramitación que permite a xestión electrónica integral de procedementos que non teñen un sistema especializado.

### Uso intensivo das plataformas

Cómpre destacar o uso intensivo destas ferramentas na Administración autonómica, así, só no 2020, a plataforma corporativa de sinatura electrónica permitiu a rúbrica en dixital de máis de 5,2 millóns de documentos no ámbito da Administración xeral. No eido xudicial, a plataforma corporativa de sinatura electrónica foi empregada por máis de 400 usuarios que evitaron ter que asinar en papel 2,2 millóns de documentos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En 2020 emitíronse 890.559 notificacións electrónicas, un sistema ao cal accederon máis de 3.000 empregados públicos. O Arquivo Electrónico Administrativo Único da Xunta de Galicia, que recolle na actualidade os documentos xerados nas plataformas de sinatura, notificación e rexistro, así como diversos sistemas de tramitación, rexistrou no 2020 máis de 16 millóns de documentos electrónicos.

En canto á plataforma corporativa de tramitación para procedementos que non teñen un sistema especializado, o ano pasado posibilitou a xestión de 62.930 expedientes duns 51 procedementos administrativos en diversos ámbitos da Xunta de Galicia. En particular, esta plataforma está a utilizarse na actualidade para a xestión automatizada das axudas aos sectores afectados pola situación covid-19.

### Unha Administración máis dixital

O obxectivo final é estender o uso dos servizos dixitais entre cidadáns e empresas no contexto actual de transformación dixital, no cal a xestión en liña se está a consolidar entre os galegos como a opción maioritaria para relacionarse coa Administración. No 2020 máis do 78% das xestións rexistradas pola Administración autonómica presentáronse en liña, ben a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, das oficinas virtuais, ou a través do Rexistro Electrónico. Esta porcentaxe supón un incremento de máis de 20 puntos respecto ao 2019, derivado da supresión da canle presencial durante o confinamento e das restricións posteriores durante a pandemia.

Cómpre lembrar que só nas 12 semanas do primeiro estado de alarma os galegos realizaron máis de 478.000 xestións en liña coa Xunta de Galicia, máis do dobre que no mesmo período de 2019. A dispoñibilidade da sede electrónica e das oficinas virtuais foi a chave para garantir a relación telemática dos cidadáns coa Administración e a xestión dos trámites abertos durante ese período, como a presentación dos ERTE, a presentación de escritos ou a solicitude de axudas para libros de texto ou o recoñecemento á dependencia.

A situación derivada da pandemia puxo de manifesto a importancia da dixitalización, un proceso que vai acompañado dun marco normativo que na Comunidade se recolle, de xeito complementario ás leis estatais, na Lei de administración dixital de Galicia e que ten dous decretos en marcha: o Decreto polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, escritos, comunicacións e documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia e o Decreto que regulará o Marco galego de competencias dixitais e que permitirá á cidadanía e aos empregados públicos acreditar os coñecementos e as habilidades dixitais tomando como referencia o marco europeo.



## A XUNTA ESTENDERÁ A EDUCACIÓN DIXITAL A 100.000 ALUMNOS EN DOUS ANOS

- *O Plan de infraestruturas dixitais ampliará o alcance de E-Dixgal ao 70% dos alumnos de 5º de primaria a 4º da ESO*
- *Con este obxectivo, o Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe dous contratos marco para a adquisición de 45.000 ultraportátiles e o equipamento para outras 2.000 aulas*

A Xunta de Galicia avanza na consolidación da educación integramente dixital coa posta en marcha das primeiras medidas do Plan de infraestruturas dixitais, EDU100, para estender a iniciativa E-Dixgal, actualmente dispoñible entre 5º de primaria e 2º da ESO, aos cursos de 3º e 4º da ESO.

A previsión é que en dous anos 100.000 alumnos poidan comezar a desenvolver a súa actividade co libro dixital, unha cifra que suporá o 70% dos alumnos de 5º de primaria a 4º da ESO.

Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe dous contratos marco, que suman un importe máximo de 34 millóns de euros, para adquirir ata 45.000 ultraportátiles para o alumnado así como o equipamento necesario para a dotación doutras 2.000 aulas E-Dixgal.

A extensión de E-Dixgal comezou xa no último trimestre do 2020 coa licitación dos contidos para estes niveis educativos, que estarán dispoñibles antes do remate do actual curso.

### **34.000 alumnos con libro dixital este curso**

Neste curso 2020-2021 son xa 470 os centros integrados na iniciativa E-Dixgal e 34.000 os alumnos de 5º de primaria a 2º da ESO que estudan con libro dixital, equipados con portátil e con acceso *on* e *off line* á plataforma virtual EVA, onde teñen á súa disposición o contido curricular completo de cada curso.

Ademais, o alumnado, os profesores e as familias teñen á súa disposición o servizo de soporte premium para facilitar a resolución de dúbidas e incidencias nas 24 horas os 7 días da semana, e un paquete de recursos dixitais como un portal específico sobre a iniciativa, espazoAbalar, e unha aplicación, abalarMobil, que lles permite ás familias o seguimento da actividade educativa dos seus fillos.

### **Dez anos de transformación dixital**

A transformación dixital das aulas en Galicia comezou en 2010 coa posta en marcha da iniciativa Abalar, na cal se levan investido máis de 100 millóns na dixitalización de todas as aulas de 5º de primaria a bacharelato; na mellora da conectividade para que o

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

100% dos centros públicos educativos de primaria e secundaria dispoñan de conexión á internet superior a 100 Mbps, na adquisición de equipamento, contidos dixitais e implantación de novos servizos e canles de comunicación en liña.

A estes recursos súmanse diferentes plataformas e aplicacións que facilitan o ensino dixital, como se demostrou durante o período de confinamento, como as aulas virtuais ás cales accederon diariamente máis de 100.000 estudantes; o sistema de videoconferencia con 4.000 xuntanzas diarias; a aplicación Abalar que empregan habitualmente 93.000 usuarios ou a plataforma EVA, que rexistra diariamente un acceso medio de 3.100 profesores e 29.300 estudantes.



## **GALICIA ATÓPASE Á VANGARDA NO COMPROMISO DA AXENDA 2030 CUNHA DIAGNOSE POSITIVA EN MATERIA SOCIAL, AMBIENTAL, INDUSTRIAL E ENERXÉTICA**

- *Así se recolle no primeiro informe sobre o cumprimento das políticas da Xunta de Galicia cos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) que recolle a Axenda 2030, que será remitido ao Parlamento de Galicia*
- *Un dos datos que achega este informe é a proporción de menores con obesidade en Galicia, que se reduce nun 40% grazas á posta en marcha de iniciativas como o Plan para a prevención da obesidade infantil en Galicia (Plan Xermola) ou a Guía de axuda para programar os menús escolares*
- *O número de explotacións agrarias en mans de mulleres en Galicia está case 20 puntos por riba da media nacional (32,5%), polo que feitos coma este demostran que a Comunidade avanza no ODS5, igualdade de xénero*
- *A Xunta salienta a importancia deste proxecto transversal no cal están implicadas a totalidade das consellerías da Xunta de Galicia e que é unha ferramenta de base para definir as accións de desenvolvemento sustentable para a vindeira década*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, coñeceu o contido do informe sobre a implantación da Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable na Comunidade galega. Trátase dunha diagnose cuantitativa da Axenda 2030 en Galicia e é o primeiro informe sobre o cumprimento das políticas da Xunta de Galicia cos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) que recolle a Axenda 2030. O informe outorga datos positivos en materia social, ambiental, industrial e enerxética; unha diagnose que permite concluír que Galicia está á vangarda das comunidades que acadan os compromisos fixados pola Organización das Nacións Unidas (ONU), nesta resposta urxente e coordinada para recuperarse mellor construíndo economías e sociedades máis igualitarias, inclusivas e sustentables.

Cómpre lembrar que a Axenda 2030, aprobada en 2015 pola ONU, é un plan de acción en favor das persoas, do planeta e da prosperidade, que quere fortalecer a paz universal e que fixa os obxectivos que se deben alcanzar, antes do ano 2030, para poñer fin á pobreza, loitar contra a desigualdade e facer fronte ao cambio climático. Nesta axenda concréntanse 17 obxectivos e 169 metas a acadar antes do 2030, cuxo cumprimento se valida a través dos 239 indicadores, que ten marcados a ONU.

O estudo presentado esta mañá -que será enviado ao Parlamento de Galicia- recolle as principais conclusións dun proxecto transversal no cal están implicadas a totalidade das consellerías da Xunta de Galicia e que amosa a aposta do Goberno galego para que Galicia sexa parte da solución aos problemas globais; ao mesmo tempo que é a



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ferramenta de base para definir as accións de desenvolvemento sustentable na vindeira década.

O primeiro obxectivo de desenvolvemento sostible (ODS1) é a fin da pobreza. Galicia conta cunha Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, un marco integrado de intervencións dirixidas a responder de maneira efectiva e coordinada a situacións persoais e familiares de vulnerabilidade. Nese sentido, Galicia amosa avances positivos tendo valores mellores que a media española en canto á proporción de poboación galega que se atopa en risco de exclusión social; 24,3% en Galicia fronte ao 25,3% a nivel nacional, segundo os últimos datos dispoñibles no 2019.

Outro indicador da mellora social da Comunidade está relacionado co ODS2 Fame cero; cuxo obxectivo é eliminar a malnutrición infantil, incluíndo a obesidade. Así, mentres que a proporción de menores de 2 a 17 anos no territorio español con obesidade, sobrepeso ou peso insuficiente foi en 2017 dun 41,9%, en Galicia este valor foi un 33,82%. Ademais, no caso da proporción de menores con obesidade en Galicia, esta reduciuse en máis dun 40% grazas, entre outros, ao Plan para a prevención da obesidade infantil en Galicia (Plan Xermola) e á Guía de axuda para programar os menús escolares.

A Xunta é consciente do valor dos produtos de proximidade e de produción ecolóxica, polo que impulsou o Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galicia e o Plan estratéxico de produción ecolóxica. De feito no 2018, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica Galega (Craega) tiña 49.187 ha rexistradas para a produción ecolóxica, cun aumento do 221% da área rexistrada e máis do 57% no número de operadores no período 2011-2018.

Outro indicador do eido social, como a redución das desigualdades, no cal Galicia rexistra unha evolución positiva, respecto dos valores nacionais; pois a evolución de poboación galega en risco de pobreza relativa atópase por baixo da media española, nun 20% fronte ao 20,7% estatal, polo que esta taxa se reduciu desde o ano 2009.

Na Comunidade galega, máis da metade das explotacións agrarias galegas están en mans de mulleres (54,8%), cifra moi superior á media nacional (32,5%); polo que este indicador permite afirmar que Galicia está a avanzar pasos en materia de igualdade de xénero (ODS5) grazas á posta en marcha de iniciativas como o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 e o VII Plan estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

En relación coa industria, innovación e infraestruturas (ODS9), a Comunidade galega deseñou o Plan Galicia Innova 2020, que constitúe o marco instrumental para conseguir os obxectivos da Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3) e do Plan estratéxico galego (PEG) 2015-2020. Nos últimos anos





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

reforzáronse as capacidades do sistema galego de innovación e incrementáronse as actividades de I+D+i e o seu nivel de excelencia, unha realidade que se visualiza no número de investigadores a tempo completo -que aumentou nun 12,9% (2016-18)-, no incremento dos gastos internos en I+D (nun 17,2% no período 2016-18) e o financiamento captado en convocatorias competitivas europeas no marco de H2020, que ascendeu a 110,5 M€ en 2019, o que implica un 40% máis ca no anterior programa.

En relación coa mobilidade, o Plan de transporte público de Galicia ten os mesmos obxectivos que a meta 11.2 Un transporte seguro, accesible e sustentable do ODS11 Cidades e comunidades sustentables. Este plan, cuxa implantación rematou no mes de decembro do 2020, permitiu duplicar a rede de transporte público por estrada na comunidade e prestou especial atención ás necesidades das persoas en situación de vulnerabilidade (as mulleres, os nenos, as persoas con discapacidade e as persoas de idade).

En relación coa auga e o saneamento, e en cumprimento do obxectivo de desenvolvemento sustentable (ODS6) recollido na Axenda 2030, tense logrado que a poboación conectada a redes de abastecemento público acade o 80%, sendo así a porcentaxe de poboación conectada a redes de saneamento públicas do 79,2%. Ademais, o 82,83% das masas de auga superficial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa contan cun estado ecolóxico bo ou mellor, o 81,75% con estado químico bo e o 100% das masas de auga subterráneas da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa dispoñen dun estado global bo.

A Xunta de Galicia reconece que o informe elaborado permite saber o grao de implantación da Axenda 2030 na Comunidade, ao tempo que facilita unha radiografía do alcance e da eficacia das políticas de desenvolvemento, así como o grao de coñecemento que a cidadanía ten sobre esta iniciativa, feito que repercute nunha maior concienciación social e ambiental.

## A XUNTA INCREMENTA NUN 60% AS AXUDAS PARA OS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVOS DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO, CUNHA CONVOCATORIA DE CASE 24 M€

- *A través dunha convocatoria conxunta da Consellería de Educación e da Vicepresidencia segunda finánciase a actividade investigadora dos grupos de referencia competitiva (modalidade A), dos grupos de potencial crecemento (modalidade B) e dos proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (modalidade C)*
- *A convocatoria continuada desas axudas desde o ano 2009 permite manter unha actividade investigadora constante e, no día de hoxe, posibilita o traballo de máis de 276 grupos*
- *O Goberno galego leva mobilizado máis de 175,5 millóns de euros nos últimos 12 anos para estas entidades grupais*

A Xunta de Galicia destinará preto de 24 millóns de euros a financiar o funcionamento dos grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i para o período 2021-2025, o que supón un incremento do 60% da contía con respecto aos 14,9 M€ da convocatoria do ano pasado. O Consello da Xunta de Galicia deulle hoxe o visto e prace a esta convocatoria conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, coa que se vai seguir dotando o sistema investigador de estabilidade e impulsando a súa excelencia.

Con cargo a esta liña de axudas, o Goberno galego leva mobilizado máis de 175,5 millóns de euros para estas entidades grupais, o que garante que hoxe haxa 276 grupos cunha actividade investigadora constante (240 deles no Sistema universitario galego e outros 36 noutras entidades investigadoras).

A convocatoria vai dirixida ás tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e do IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia.

Dos preto de 24 millóns de euros destinados á convocatoria, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade achega preto de 20 millóns de euros (un 56% máis ca no ano 2020) e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación-Gain, 4 millóns de euros (un 82% máis ca no ano 2020).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O obxectivo desta liña de axudas é asegurar un financiamento estrutural e continuado, condicionado a criterios de calidade, que garanta un financiamento basal dos grupos científicos máis excelentes do Sistema galego de investigación universitaria que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientalo, de ser o caso.

Neste sentido, a Xunta está afianzando o seu apoio económico para a consolidación dun sistema galego de I+D+i que camiñe cara á excelencia e cara ao recoñecemento internacional, a través de convocatorias como esta ou as dirixidas ás estruturas supragrupais, como son os oito centros de investigación acreditados das tres universidades galegas (que se van agrupar baixo o selo identificativo CIGUS), cun financiamento de 18 M€.

Igual ca o ano pasado, a convocatoria inclúe o apoio a grupos de referencia competitiva (modalidade A), a grupos de potencial crecemento (modalidade B) e a proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (modalidade C). Ademais, mantense o criterio de ter en consideración o liderado das mulleres nas propostas presentadas, co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación no sistema galego de I+D+i.

### **Grupos de referencia competitiva**

Esta modalidade A está dirixida aos grupos de referencia competitiva, caracterizados por bos índices de publicacións científicas, un nivel de captación de recursos elevado e competitivo a nivel estatal e, en moitos casos, internacional.

As axudas terán unha duración máxima de catro anos. O importe total de cada unha das axudas virá determinado por unha contía estrutural máis outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa competencia e capacidade de consolidación, e distribuirase por anualidades de acordo cun módulo fixo anual e outro variable. A esta modalidade destínanse 18.004.616 €.

### **Grupos de potencial crecemento**

A modalidade B está dirixida a grupos de potencial crecemento que, sen alcanzar os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora, constatable con criterios estritos, e que están na senda que os leve a ser grupos de referencia.

As axudas serán de aplicación por un período de tres anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima de 20.000 € na primeira e de 35.000 € na segunda e terceira. A contía total que se mobiliza nesta modalidade ascende a 3.060.000 euros.

### **Proxectos de excelencia**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Esta modalidade C está destinada ao financiamento de proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente. Isto é, axudas para a realización de proxectos de investigación a investigadoras ou investigadores individuais que, contando cunha traxectoria excelente consolidada ou en formación, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto, fundamentalmente nos ámbitos nacional e internacional. Trátase de reforzar o labor dos científicos máis activos do sistema como os que obtiveron unha axuda do ERC (European Research Council), do Programa Ramón y Cajal e do Miguel Servet, os máis prestixiosos de Europa e de España respectivamente.

Dentro desta modalidade, en función das características dos investigadores, hai unha liña de reforzo da traxectoria investigadora consolidada e outra liña de reforzo de traxectorias emerxentes, ás cales se destina un total de 2.815.000 euros nesta convocatoria.

No caso dos proxectos que se acollan á liña de traxectoria investigadora consolidada, as axudas serán de aplicación por un período de catro anualidades, mediante o pagamento anual á institución a que pertenza a persoa que lidere o proxecto dunha contía máxima anual de 50.000 euros.

No caso dos proxectos da liña de traxectoria investigadora emerxente, as axudas serán de aplicación por un período de 5 anualidades e unha contía máxima anual de 25.000 euros.

### Conceptos subvencionables

As axudas das tres modalidades poderán destinarse ao custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación, ferramentas de xestión do coñecemento e a información (aplicacións informáticas, bases de datos, etc), a pequeno equipamento inventariable e material funxible, material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas; e formación do persoal do grupo relacionada coa actividade obxecto da axuda mediante estadias curtas, así como a viaxes e axudas de custo de membros do grupo para a actividade obxecto da axuda.

Tamén serán conceptos subvencionables a contratación de investigadores visitantes, a organización de actividades de difusión, a publicación dos resultados da investigación en aberto (sempre e cando sexan como consecuencia da actividade do grupo), a consultoría e o asesoramento externo, os gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría e os custos indirectos.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA UNHA LIÑA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS A SALAS DE CONCERTOS CUNHA DOTACIÓN DE 800.000 EUROS

- *Esta nova medida do Plan de reactivación do sector cultural achegaralles liquidez aos espazos de música ao vivo para afrontar os efectos do seu peche polas restricións sanitarias e retomar a súa actividade dentro da programación do Xacobeo 2021*
- *Distribuiranse ata 20.000 euros por adxudicatario a través dun procedemento abreviado e autorizarase o pagamento anticipado de ata un 90%*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe as bases da convocatoria dunha liña extraordinaria de subvencións para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas de concertos no marco do Xacobeo 2021. Cunha dotación de 800.000 euros, esta nova medida súmase ás xa postas en marcha no marco do Plan de reactivación do sector cultural coa finalidade de lles achegar liquidez aos locais de música ao vivo para afrontar os efectos do seu peche durante estes meses, así como para retomar a súa actividade unha vez se levanten as restricións sanitarias.

O Goberno galego reconece con esta iniciativa o papel fundamental destes locais para o sector musical, tanto na súa condición de impulsores de numerosas carreiras de solistas e grupos, como pola función de centros de dinamización cultural das súas respectivas localidades. En concreto, apoiaranse os espazos de xestión privada habilitados legalmente para organizar espectáculos musicais con público, reservando ata 20.000 euros por adxudicatario para chegar a un mínimo de 40 salas de toda Galicia.

O Consello da Xunta autorizou tamén a ampliación da porcentaxe dos posibles pagamentos anticipados ata o 90% da subvención concedida a cada sala, así como a exención de constitución de garantía para o cobramento dese adianto. Axilizarase deste xeito a tramitación destas subvencións, que seguirán un procedemento abreviado por concorrencia non competitiva, atendendo por orde cronolóxica todas as solicitudes que reúnan as condicións exixidas.

### **Mínimo de 15 actuacións**

As bases da convocatoria, que se publicarán proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, establecerán entre os requisitos para a concesión das axudas ter realizado un mínimo de 15 concertos durante o ano 2019 e máis a presentación dunha proposta para o desenvolvemento deste mesmo mínimo de actuacións entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2021, como parte da programación musical do Xacobeo 2021.

Con esta medida extraordinaria, a Xunta actualiza o seu Plan de reactivación do sector cultural fronte a covid-19 para lle dar resposta á situación pola que atravesan os



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

profesionais e as empresas musicais con motivo da evolución actual da pandemia, sumándose a outras iniciativas específicas para o ámbito musical xa postas en marcha, como os programas Directos Xacobeo'21 en salas ou Galicia Emerxe, o ciclo de concertos que se gravou na Cidade da Cultura e que este mesmo mes comezaron a súa emisión na TVG, así como o apoio aos novos formatos dos festivais da marca FEST Galicia ou a adaptación das axudas á distribución musical e á produción fonográfica.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## A XUNTA SUBVENCIONA 220 PROPOSTAS SOCIOCULTURAIS CON CASE 3,3 MILLÓNS DE EUROS NA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA O TEU XACOBEO

- *Esta iniciativa impulsa unha programación novidosa que potencia Galicia e o Xacobeo por parte de entidades locais, empresas e entidades sen ánimo de lucro.*
- *O Consello da Xunta informou hoxe de que a segunda edición recibiu máis de 900 solicitudes nas tres categorías.*
- *Os proxectos desta segunda edición, que se executarán ata setembro, mobilizarán recursos por importe de máis de 5,8 millóns de euros.*

A segunda edición do programa O Teu Xacobeo permitirá desenvolver un total de 220 propostas orientadas a dinamizar a programación sociocultural do Xacobeo 2021, destinando un investimento de case 3,3 millóns de euros, tal e como informou hoxe o Consello da Xunta. Logo da resolución da concesión, os beneficiarios acaban de comezar a desenvolver os seus proxectos, para o cal contan cun prazo ata o vindeiro mes de setembro, tras a concesión dun adiamento por mor da covid-19 co obxectivo de que poidan dispor de máis tempo para levar adiante os proxectos propostos.

Esta segunda edición do Teu Xacobeo volveu resultar un éxito de convocatoria, con case un milleiro de proxectos presentados que permitirán mobilizar un orzamento de 5,8 millóns de euros.

O resultado é unha programación sociocultural que está a contribuír na promoción de Galicia e, especialmente, do Xacobeo 2021, a través dun impulso descentralizador e plural que permite o desenvolvemento de actividades en todo o territorio galego.

Nesta nova edición destacan especialmente polo seu número os proxectos que poñen en valor o patrimonio, así como os que recollen accións respectuosas co ambiente. Moitos deles caracterízanse, ademais, pola súa multidisciplinarietà, así como aqueles que promocionan o Xacobeo e Galicia no exterior ou con accións orientadas a perdurar no tempo ou a colectivos desfavorecidos.

### **Proxectos sen fins de lucro, maioritarios**

O programa O Teu Xacobeo inclúe tres categorías de proxectos, segundo a súa tipoloxía. Na primeira liña, dirixida a entidades locais de menos de 50 mil habitantes, concedéronse 45 proxectos aos cales se lle outorga o 85% do orzamento solicitado ata un máximo de 25.000 euros por proxecto. Na liña 2, na que se encadran os proxectos de empresas privadas, concedéronse 59 proxectos cun orzamento entre 50% e 60% e un máximo de 25.000 euros por proxecto.

Finalmente, a terceira liña, na cal se agrupan proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro, é a que agrupa o maior número de proxectos aprobados, 116, o que





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

supón un investimento de máis de 1,7 millóns de euros para o desenvolvemento de proxectos vencellados cos obxectivos estratéxicos do Xacobeo 2021 en ámbitos e disciplinas como as artes, o patrimonio, o deporte ou o ámbito social.

### **Máis de 8 millóns de euros**

A través deste programa a Xunta investiu nas dúas convocatorias do Teu Xacobeo máis de 8 millóns de euros en máis de 572 proxectos e iniciativas coas que se está a traballar nunha celebración do Xacobeo 2021 que sexa máis integradora, ampla e diversa, achegando o evento a todos os recunchos de Galicia.

Cómpre lembrar que os proxectos da primeira edición que non se puideron desenvolver coa normalidade prevista por mor da pandemia contaron con facilidades para seren reprogramados. De igual xeito se fai para esta segunda edición, que se prorrogou na súa duración inicial de abril de 2021 ata setembro de 2021, con posibilidade de establecer novas prórrogas en función das condicións sanitarias.



**GALICIA DESTINA PRETO DE 23 M€ A IMPULSAR A INTERNACIONALIZACIÓN DE 1.500 EMPRESAS E CONTRIBUÍR Á SÚA REACTIVACIÓN ECONÓMICA**

- *A Xunta reforza as liñas en funcionamento e activa novas medidas para mellorar a presenza das firmas galegas no exterior*
- *A próxima semana publícase a convocatoria do Galicia Exporta Dixital, que conta con 6 M€ para impulsar as vendas internacionais de pemes, autónomos e comercios a través de ferramentas dixitais innovadoras*
- *Pequenas e medianas empresas e organismos empresariais poderán tamén solicitar as axudas para a contratación de expertos en comercio exterior, facilitando ao mesmo tempo a incorporación ao mercado laboral de 75 mozos e maiores de 45 anos en situación de desemprego*
- *O Goberno galego acaba de poñer en marcha a Oficina Brexit para reforzar as medidas de apoio ás compañías que comercian co Reino Unido*

A Administración autonómica activa este ano apoios por preto de 23 millóns de euros para impulsar a internacionalización das empresas galegas, contribuíndo así a que o tecido produtivo da Comunidade dispoña de máis recursos para facer fronte ás consecuencias da pandemia da covid-19 e impulsando a súa reactivación económica. Como vén de coñecer hoxe o Consello da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación reforza as liñas xa en funcionamento e activa novos programas de apoio para facilitar que arredor de 1.500 compañías melloren a súa presenza nos mercados exteriores.

Así, as medidas abarcan obxectivos como a promoción da expansión internacional –a través da dixitalización– e o desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos que reafirman a presenza e favorecen a introdución das pemes galegas nos mercados exteriores, o apoio ás empresas que manteñen ou van manter relacións comerciais co Reino Unido, o fomento da contratación de expertos en comercio exterior e a formación de persoal especializado, a realización de accións conxuntas de promoción exterior mediante a colaboración con diferentes entidades e os servizos de soporte ás empresas con intereses comerciais en distintos mercados a través das antenas situadas neses destinos.

**Impulso á internacionalización dixital**

A primeira das medidas que a Xunta reforza en 2021 é o Galicia Exporta Dixital, a liña que impulsa as vendas no exterior de pemes, autónomos e comercios a través de novas canles de comercialización, partindo de ferramentas dixitais innovadoras e que se adaptou o pasado ano para dar resposta ás necesidades provocadas pola pandemia. A próxima convocatoria activarase de inmediato e conta cunha dotación de seis millóns de euros. As axudas cubrirán ata un máximo do 80% dos gastos e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

investimentos necesarios para desenvolver e implementar o Plan de internacionalización dixital.

Cofinanciado polos fondos Feder, este programa complementa o Galicia Exporta Empresas e o Galicia Exporta Organismos Intermedios, aos cales se destinarán 7,5 millóns de euros e cuxas convocatorias se activarán nos vindeiros meses. Estas liñas de axudas teñen como obxectivo impulsar o desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos que reafirman a presenza e favorecen a introdución das pemes nos mercados exteriores, ao mesmo tempo que promoven actividades de difusión, a participación en eventos expositivos no exterior e accións de prospección internacional.

A estas medidas hai que engadir o Plan Foexga –desenvolto en colaboración coas cámaras de comercio galegas-, que promove a realización de accións conxuntas de promoción exterior e que contará nas próximas convocatorias cun orzamento de 2,3 millóns de euros para dar apoio a máis de 200 empresas. Entre os apoios á internacionalización das pemes galegas, atópanse tamén os servizos de apoio ás empresas galegas con intereses comerciais que se prestan mediante antenas en diferentes mercados –actualmente, Galicia conta con antenas en Lima (Perú), Cidade de México (México), Miami (EEUU), Casablanca (Marrocos) e Shanghai (China), ás cales nos próximos meses se sumarán Tel Aviv (Israel) e Londres (Reino Unido)–.

### Asesoramento e formación

As pemes e organismos empresariais interesados en desenvolver proxectos de internacionalización poderán empezar a solicitar nos próximos días as axudas para a contratación de expertos en comercio exterior. A nova convocatoria deste programa, en funcionamento desde 2009, dispón de dous millóns de euros e facilitará a incorporación ao mercado laboral de 75 mozos profesionais e maiores de 45 anos en situación de desemprego.

Tamén co obxectivo de impulsar a promoción exterior das empresas galegas ao mesmo tempo que se facilita a incorporación ao mercado laboral de profesionais neste ámbito, a Xunta ten en marcha o programa de bolseiros dirixido a titulados universitarios ou en formación profesional que poderán adquirir experiencia e completar a súa cualificación en diferentes destinos mundiais. Cunha dotación de 2,5 millóns de euros, permite fortalecer a especialización de 50 novos titulados.

Ademais, a Xunta está a pór en marcha a Oficina Brexit, o novo programa que permitirá ás compañías galegas exportadoras e importadoras coñecer e adaptarse aos novos requisitos derivados da saída do Reino Unido da Unión Europea. Asesorará e axudará as empresas que comezan a comerciar neste destino e as cales xa contan cunha longa traxectoria e experiencia internacional, poñendo á súa disposición cinco servizos: as axudas do Cheque Brexit, unha nova antena en Londres, a ferramenta de



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

autodiagnóstico xa en funcionamento, o Brexit Igape Responde e diferentes medidas complementarias de información e formación.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## O II PLAN DE RESCATE DA XUNTA DE GALICIA REDUCIRÁ OS REQUISITOS PARA PERCIBIR AS AXUDAS E GARANTIR OS APOIOS AOS SECTORES MÁIS AFECTADOS NESTA FASE DA PANDEMIA

- *O Goberno galego amplía as axudas aos sectores máis afectados pola pandemia con outros 50 millóns de euros que se veñen sumar aos 86,2 do I Plan de rescate*
- *Eliminaranse algúns dos requisitos do I Plan de Rescate para que máis autónomos, microempresas e hostaleiros accedan ás axudas*
- *Os autónomos non terán que acreditar prestación por cese de actividade e as microempresas non terán que ter pasado por un ERTE para optar aos apoios*
- *A Xunta consensúa os detalles do plan no marco do diálogo social e en contacto cos interlocutores dos traballadores autónomos e do sector da hostalaría*

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe do II Plan de rescate que o Goberno galego prevé aprobar o próximo mes de febreiro, coa idea de reducir os requisitos para que máis empresarios e persoas traballadoras autónomas poidan acceder a algunha das axudas e de apoiar con maiores contías os sectores máis precisados de atención nesta fase da pandemia.

A Administración autonómica amplía con outros 50 millóns de euros, -poden ser máis segundo as necesidades- que se veñen sumar aos 86,2 do I Plan de rescate que xa abonou máis de 32.000 axudas das 40.423 recibidas e que espera completar os pagamentos nas vindeiras semanas. Deste xeito, nun prazo de 90 días, a Xunta terá mobilizados preto de 150 millóns de euros destinados aos sectores máis castigados pola crise.

O novo Plan de rescate perfilarase nos próximos días na Mesa do Emprego Autónomo e no seo do diálogo social, en contacto cos representantes do Clúster do Turismo e das asociacións provinciais do sector da hostalaría.

O II Plan de rescate chega para mellorar, máis se cabe, as axudas directas do I Plan de rescate, aboadas en tempo récord e que xa chegaron ao 90% dos beneficiarios que cumpriron cos requisitos, por importe de 66 millóns de euros. Co novo plan, a Xunta quere seguir acompañando as persoas traballadoras autónomas e microempresas ante a situación económica xerada pola covid-19, artellando novos apoios para o mantemento da actividade económica e o emprego.

Estruturarase, igual ca o primeiro plan, en tres liñas que prestarán apoio ás persoas traballadoras autónomas, microempresas e ao sector da hostalaría pechado por mor da pandemia. Neste último caso entenderanse por pechados tamén os establecementos que só poden servir comidas e bebidas na terraza ou para levar e domicilio.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

A proposta pasa por alixeirar os requisitos, o que permitirá axilizar aínda máis a tramitación dos aboamentos e, sobre todo, darlle acceso aos apoios a maior número de beneficiarios. Así, por exemplo, os autónomos non terán que acreditar prestación por cesamento de actividade e as microempresas beneficiarias non terán que ter pasado por un ERTE para optar aos apoios.

As novas axudas faranse compatibles entre si (as tres liñas). Esta compatibilidade estenderase ademais a calquera outra axuda percibida das administracións galegas, mesmo do I Plan de rescate. Así, os beneficiarios dalgunha das liñas do primeiro plan poderán solicitar de novo os apoios e, de cumprir cos requisitos, acceder a eles por segunda vez.



## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 8 MILLONES DE EUROS PARA LOITAR CONTRA A COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS

- *Nesta ocasión os investimentos céntranse fundamentalmente na adquisición de material e contratación de servizos e pequenas obras nas áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra e O Salnés, e da Coruña e Cee, aínda que tamén abrangue ao resto dos centros de Galicia*
- *Máis da metade deste orzamento vai dirixido á compra de probas PCR para detección da covid-19*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de varios expedientes de contratación, por valor de 8.143.576 euros, para subministrar material e equipamento a diferentes hospitais do Servizo Galego de Saúde, fronte á covid-19. Parte deste orzamento tamén se destina á realización de determinados traballos e servizos nestes mesmos centros.

O primeiro dos expedientes aprobados hoxe abarca máis da metade do devandito orzamento. Concretamente refírese á adquisición dunha ampla gama de material necesario para abordar a pandemia covid na área sanitaria de Vigo por un total de 5.418.736 euros. Trátase de material para diagnóstico e tratamento da enfermidade, medios de toma de mostras e transporte de mostras virais e elementos de protección individual. A meirande parte desta cantidade destínase a 177.930 probas PCR, por un importe de 4.274.119 euros. Destacan tamén a adquisición de 2.900.000 luvas de protección por valor de 354.698 euros e de 124.150 medios de toma de mostras e transporte de mostras virais cun orzamento de 278.523 euros. O resto do orzamento divídese entre máscaras e batas de protección individual, material para os laboratorios de microbioloxía e bioquímica, equipamentos, tubuladuras e máscaras para equipamentos respiratorios etc.

O segundo dos expedientes aprobados destina 983.402 euros á subministración de materiais para a realización de programas de cribados e diagnóstico da covid-19. Neste caso son todos os hospitais galegos os receptores destes consumibles, xa que se reparten en función da situación epidemiolóxica de cada área e seguindo as indicacións de Saúde Pública. Deste orzamento, destacan 150.000 unidades de sistemas de recollida e transporte de saliva por valor de 525.000 euros e 100.000 unidades de test rápidos de antíxenos covid-19 nasofarínxeos, cun custo de 450.000 euros.

Ademais, o Consello da Xunta aprobou un terceiro expediente de 915.414 para a adquisición de bens, contratación de servizos e pequenas obras para facer fronte á pandemia na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés. A partida máis importante aquí é a destinada a material de laboratorio, cun total de 709.117 euros. Así mesmo, destaca o





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

investimento de 132.307 euros en instrumental e material sanitario. O resto destínase a pequenas obras, mobiliario, vestiario e servizos de limpeza e seguranza.

En canto ao cuarto e último expediente, reflicte un orzamento de 826.023 euros destinado á subministración de bens e contratacións de servizos para a área sanitaria da Coruña e Cee. Desta cantidade, 200.652 euros son para traballos realizados en distintos edificios e 192.425 euros para tarefas de limpeza e aseo, ademais doutros 119.792 que se destinan ao servizo de seguridade. Ademais destaca unha partida de 121.466 euros para mantemento de instalación, o presuposto complétase coa adquisición de mobiliario, vestiario, servizos relacionados con equipamentos informáticos e transporte.



## A XUNTA INFORMA SOBRE O PLAN DE INSPECCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2021, QUE TEN COMO OBXECTIVO REALIZAR 1.543 COMPROBACIÓNS DA NORMATIVA

- *En materia de familia e menores realizaranse 531, na área de maiores, discapacidade e dependencia 572 e na área de inclusión 440*
- *Como novidade implantarase un curso de capacitación para novos inspectores, levaranse a cabo actuacións conxuntas con Sanidade e publicarase unha orde para facilitar a presentación de queixas e reclamacións*
- *Durante o ano 2020 fixéronse un total de 1.132, das que 327 corresponden a maiores, un 51% máis do obxectivo marcado*

O Consello da Xunta informa do Plan de inspección dos servizos sociais para o ano 2021, que ten como obxectivo seguir mellorando este sistema e chegar ás 1.543 comprobacións da normativa, un 36% máis que durante o ano pasado. Así mesmo, incluíranse novidades como a implantación dun curso de capacitación para novos inspectores, actuacións conxuntas, sanitarias e de servizos sociais, e a publicación dunha orde para facilitar a presentación de queixas e reclamacións.

En materia de familia e menores, realizaranse 531 inspeccións para revisar o 100% dos centros de menores e o 44% dos centros de atención á infancia, e tamén se acudirá ao 100% das entidades que xestionan adopcións internacionais e os puntos de encontro familiar.

Na área de maiores, discapacidade e dependencia faranse 572 para revisar o 75% das residencias de maiores — 10 puntos máis ca no último ano —, o 38% dos centros de día de maiores e das residencias de discapacidade e o 33% dos centros de día de discapacidade. Por último, na área de inclusión e servizos comunitarios, prevense facer 440 visitas dos equipos da Xunta.

### **Balance 2020**

Así mesmo, o Consello da Xunta fixo balance sobre o cumprimento do plan do ano pasado. Durante o 2020 realizáronse 1.132 inspeccións nos centros de servizos sociais. Merece mención especial o cumprimento dos obxectivos en materia de maiores, dentro da cal se revisaron 327 residencias, un 51% máis ca o obxectivo marcado.



## A XUNTA DESTINA CASE 8 MILLÓNS DE EUROS PARA A PLANTACIÓN DE ARREDOR DE 4.000 HECTÁREAS DE FRONDOSAS E CONÍFERAS NOS MONTES GALEGOS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe esta nova convocatoria de achegas da Consellería do Medio Rural que sairá publicada no Diario Oficial de Galicia a finais deste mes de xaneiro*
- *Mediante esta liña de subvencións procúrase favorecer o aumento da diversidade, aumentar a superficie forestal arborada con frondosas e coníferas e anticiparse aos incendios*
- *Así, ao abeiro desta orde, recóllese a posibilidade de que os propietarios forestais que teñan superficies con brotes de eucaliptais poidan facer a súa transformación en masas de coníferas ou de frondosas*
- *Nas liñas de fomento incluídas nesta orde de forestación, estanse a seguir os obxectivos programáticos e as liñas de actuación previstas no Plan forestal de Galicia*
- *Nos últimos cinco anos, a Xunta investiu máis de 34,2 millóns de euros en axudas por este concepto para forestar con frondosas e coníferas máis de 13.000 hectáreas non agrícolas en toda Galicia*

A Consellería do Medio Rural destinará este ano preto de 8 millóns de euros ás axudas para a creación de superficies forestais con frondosas e coníferas en arredor de 4.000 hectáreas de monte galego. Así consta nun informe elaborado pola Consellería e avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

Desta forma, mediante esta liña de achegas trátase de fomentar a primeira forestación de terras non agrícolas con coníferas e frondosas, procurando a diminución das masas monoespecíficas, favorecendo o aumento da diversidade, así como de aumentar a superficie forestal arborada e reducir o risco de incendios, mediante a valorización dos terreos forestais. Entre as coníferas atópanse o piñeiro silvestre e o teixo e entre as frondosas están, por exemplo, o castiñeiro, o carballo, o ameneiro ou a sobreira, entre outros.

Así, co fin de ir axustando as diferentes accións que desenvolverá a Xunta respecto do monte galego e en cumprimento dos obxectivos planeados no Plan forestal, nas liñas de fomento incluídas nesta orde de forestación, tanto de frondosas como de coníferas, estanse a seguir obxectivos programáticos e liñas de actuación previstas dentro do propio plan relativo aos servizos ecosistémicos, á conservación da biodiversidade das masas e á xestión forestal sustentable coa mobilización e incremento da produtividade dos recursos forestais galegos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Ademais, mediante esta liña de subvencións apóstase unicamente pola plantación de frondosas e coníferas. Deste xeito, na orde prevese a posibilidade de que os propietarios forestais que teñan superficies con brotes de eucaliptais de diámetros por debaixo dos 10 cm de media poidan acollerse ás achegas para transformalas en masas de coníferas ou de frondosas, incrementando deste xeito a descontinuidade e a diversidade de producións dos seu montes.

**Beneficiarios e accións subvencionables**

Os beneficiarios destas axudas, que sairán a finais deste mes de xaneiro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), serán as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta. Tamén poderán acollerse a elas as cooperativas agrarias, os pro indivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común.

Con estes fondos subvenciónanse os gastos de plantación forestal e a posta en marcha da área de defensa contra incendios forestais, é dicir, a zona limpa de biomasa que protexe estas novas plantacións de posibles lumes. Inclúense tamén como subvencionables os gastos necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo e a adquisición de planta.

Ademais, as superficies obxecto destas axudas teñen dereito a unha prima anual por hectárea para os custos de mantemento desas forestacións durante os seguintes cinco anos. Neste ano 2021 a convocatoria destas primas acadará os 2,25 millóns de euros.

Nos últimos cinco anos, o número de beneficiarios nestas convocatorias de axudas ascendeu a preto de 700 e as hectáreas forestadas con frondosas e coníferas en terreos non agrícolas sumaron máis de 13.000 en toda Galicia. O orzamento disposto pola Xunta para estas forestacións foi de algo máis de 34,2 millóns de euros.

## PORTOS DE GALICIA INICIA A REDACCIÓN DUN REGULAMENTO PROPIO E ACTUALIZADO SOBRE A EXPLOTACIÓN DOS PEIRAOS AUTONÓMICOS E A POLICÍA PORTUARIA

- *Este documento permitirá actualizar a normativa vixente, que é de ámbito estatal e data de 1976, á realidade portuaria de Galicia*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a redacción do anteproxecto de regulamento no cal están a traballar os técnicos do organismo dependente da Consellería do Mar e que xa prevía a Lei de portos de Galicia*
- *A normativa definirá, entre outras cuestións, o uso das obras e servizos, a circulación, carga, descarga e depósito de mercadorías ou as infraccións e sancións impoñibles en terreos do ente público*

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, acaba de iniciar a tramitación para a redacción do anteproxecto do Regulamento de explotación e policía portuaria dos peiraos de titularidade autonómica co obxectivo de adaptar a normativa vixente á realidade actual. Así o recolle un informe sobre a tramitación deste expediente que foi analizado hoxe polo Consello da Xunta.

Actualmente, os peiraos autonómicos xestionados por Portos de Galicia aplican como normativa reitora da policía portuaria o Regulamento de servizo, policía e réxime aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976. O tempo transcorrido desde a aprobación desta norma fai evidente que non é acorde coa realidade existente nestes momentos en aspectos relativos á regulamentación da actividade portuaria. Ante este desfase, a Lei de portos de Galicia aprobada en 2017 xa recollía a previsión de redacción dun novo regulamento de explotación e sobre a policía portuaria de carácter autonómico, unha tramitación que comeza agora.

Os profesionais do ente público están a traballar xa na redacción deste anteproxecto, que ten como obxectivo básico asegurar a correcta prestación de servizos e operacións portuarias e o debido uso das instalacións mediante a fixación das normas xerais de funcionamento dos servizos portuarios tanto de xestión directa como indirecta. Así mesmo, nel estableceranse as normas de vixilancia e control dos servizos, o cumprimento das condicións fixadas para a ocupación de dominio público, o uso de instalacións e o exercicio de actividades comerciais ou industriais.

Finalmente, o regulamento ten tamén por obxecto o desenvolvemento das normas de policía portuaria, incluíndo un modelo de ordenanzas portuarias, así como a concreción do réxime de infraccións e sancións previsto na Lei de portos de Galicia.